

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE FOGUEIRAS TRADICIONAIS**

SOLICITANTE	Nome e apelidos ou razón social		DNI / NIF	
	Enderezo:		Correo electrónico	
	Municipio	Provincia	Código Postal	Teléfono

REPRESENTANTE	Nome e apelidos		DNI / NIF	
	Enderezo:		Correo electrónico	
	Municipio	Provincia	Código Postal	Teléfono
Non se admite representación sen presentación de poder				

Declaro responsablemente:

Que con motivo da festividade de San Xoán e San Pedro en Xuño de 2024, e tendo en conta as medidas de seguridade coas que se deberán contar ao efecto e que me comprometo a adoptar, **realizarei** a tradicional fogueira de (sinala o que corresponda):

☐ SAN XOAN (noite do 23 ao 24 de xuño) ☐ SAN PEDRO (noite do 28 ao 29 de xuño)

No lugar de
con referencia catastral sendo titular ou contando coa oportuna autorización para levala a cabo en dita parcela, e estado a mesma perfectamente acondicionada para acoller este tipo de actividade (cumprindo coas especificacións descritas nesta mesma declaración).

A declaración responsable deberá ser presentada xunto coa documentación completa ata o 21 de Xuño (inclusive) considerándose que quedará sen efecto a súa presentación se non se respecta este prazo de tempo.

Declaro ser certos os datos aportados e orixinais ou copia dos mesmos da documentación que se achega, e que se comprometo a cumprir coas especificacións descritas.

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA

- ☐ Copia do DNI do solicitante.
- ☐ En caso de representación DNI do representante e poder suficiente.
- ☐ Plano catastral asinado da situación exacta da fogueira.
- ☐ Teléfono do responsable que permanecerá durante toda a celebración da fogueira:
- ☐ Medios de extinción a empregar.

Vista a declaración responsable presentada, **DECLARO:**

1. Que coñezo que por parte deste Concello de Campo Lameiro non se poderá adoptar ningún tipo de medida de seguridade e/ou prevención contra incendios, debido a que esta entidade local non conta co persoal e materiais necesarios para acometer tal fin.

2. Que a realización da fogueira está vinculada ao índice de risco diario de incendio forestal (IRDI) publicado na web pola Consellería de Medio Rural. No caso que o índice sexa extremo non poderá realizarse a fogueira, sen necesidade de comunicación previa polo Concello. É responsabilidade dos organizadores a comprobación deste índice.

Así mesmo o concello, por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, poderá declarar sen efecto a declaración nos casos en que non sexa posible garantir medidas de seguridade e



prevención dos incendios por estaren os medios dispoñíbles dentro do Distrito Forestal realizando traballos de extinción de incendios forestais declarados nese ámbito, ou exista un número de incendios declarados no devandito ámbito que aconsellen a súa mobilización de xeito preferente a atallar os lumes declarados.

3. Que coñeza a miña responsabilidade por danos ou perdas a que houbese lugar no caso de que concorran negligencia ou imprudencia. O solicitante será sempre o responsable dos danos e prexuízos que a fogueira ocasione.

4. Que a persoa solicitante da realización da fogueira comprométese a ter operativo durante a realización da fogueira o teléfono que se indica na solicitude. Informándolles que os teléfonos de contacto necesarios no caso de que xurda algún accidente:

Emerxencias: 112

Servizo de extinción de incendios forestais: 085

5. Que a distancia mínima da fogueira a vivendas, vehículos, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos e zonas vexetais susceptibles de ser queimadas será de 20 m.

6. Que a altura máxima da fogueira será de 3 m e o seu diámetro dun máximo de 4 m

7. Que a fogueira farase, non obstante, nun burato, o máis profundo posible, debidamente rodeado de pedras ou dunha pequena gabia.

8. Que se terán á man mangueras, extintores ou, polo menos, auga suficiente en proporción ao tamaño da fogueira.

9. Que coñeza a prohibición de queimar rodas, aerosois, aceites, substancias explosivas, latas, botellas de vidro, plásticos e calquera material inflamable, especialmente combustible, coa excepción das madeiras.

10. Que dispoirei dun pequeno botiquín de primeiros auxilios especialmente equipado para asqueimaduras.

11. Que se terá a debida precaución de non se situar no lado oposto ao vento.

12. Que as fogueiras estarán vixiadas en todo momento ata a súa total extinción que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga e coas seguintes condicións:

- En caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira, se suspenderá ou apagará de inmediato.
- De existir algún contratempo darase inmediata conta aos servizos de emerxencias.
- Que se cumprirá o establecido na Lei 11/2010 do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.
- Que se terá en conta o establecido nos artigos 36 e 37 da Lei 3/2007, de 9 de abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, de acordo coa redacción da Lei de 7/2012 de 28 de xuño, en relación aos terreos forestais e zona de influencia forestal.
- Que coñeza que o incumprimento de calquera destas medidas poderá dar lugar á inmediata prohibición das celebracións, por parte da Policía Local ou da Garda Civil, sen prexuízo das sancións que fosen procedentes.

INFORMACIÓN RELEVANTE DO PROCEDEMENTO.

- A declaración responsable presentada cumprindo con tódolos requisitos constitúe un acto xurídico particular que habilita para o inicio da actividade ou faculta para a apertura do establecemento, e de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación e faculta á Administración Pública para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

- A declaración non constitúe unha autorización administrativa tácita, senón unicamente a transmisión da información correspondente para efectos do coñecemento municipal e de posibilitar a intervención mediante control posterior, sen prexuízo das facultades de inspección ordinaria. A actividade/instalación comunicada poderá ser inspeccionada durante todo o tempo en que se leve a cabo.

- A declaración presentada produce efectos entre a persoa/entidade titular da actividade ou instalación e o Concello, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. En ningún caso altera as situacións xurídicas privadas entre aquela e as demais persoas.

- O incumprimento das condicións da declaración ou dos requisitos legais da actividade será causa de ineficacia e habilitará ó Concello para a súa declaración logo de audiencia ó interesado/a.

- A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, de calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore á declaración suporá, logo da audiencia ó interesado/a, a declaración de ineficacia da declaración efectuada e impide o exercizo do dereito da actividade ou instalación afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que poida proceder impoñer a tales feitos.

- A resolución administrativa que constata estas circunstancias comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ó momento previo ó recoñecemento ou ó exercizo do dereito ó inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses e un ano.

- Quen exerza a titularidade das actividades/instalacións deberá:

- Garantir que se manterán as mesmas condicións que se tiñan cando estas foron iniciadas, así tamén como adaptarse ás novas condicións que posteriores normativas establezan.

- Comunicar ó órgano competente, cando se produza, calquera cambio relativo nas condicións ou as características da actividade ou da instalación.

- Será, en todo caso, necesaria unha nova declaración nos casos de modificación da clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais ou instalacións o calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento.



- Unha copia selada da presente declaración deberá de estar a disposición e exhibila en caso de que o requira a autoridade competente.

LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 15/ 1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal vostede queda informado e acepta expresamente que os seus datos persoais e aqueles outros que facilite no futuro, sexan incluídos nos seguintes ficheiros automatizado/s (e/ou correlativo/s expediente/s en papel) titularidade do CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO:

- Ficheiro denominado Información e Rexistro, cuxa finalidade é atender as demandas de información, xestión e control de rexistros administrativos.

- Vostede garante e responde, en calquera caso, da exactitude, vixencia , autenticidade dos datos persoais facilitados, propios ou de terceiras persoas así como de haber informado e recabado, no seu caso, o seu preceptivo consentimento de acordo coa normativa de protección de datos e se compromete a mantelos debidamente actualizados, comunicando calquera modificación que se produza nos mesmos. En consecuencia, responderá única e exclusivamente vostede de calquera infracción tipificada na normativa de protección de datos de carácter persoal derivada do seu incumprimento respecto ó disposto no presente parágrafo.

- Estes datos poderán ser comunicados a terceiros sen o consentimento do del titular dos mesmos sempre que esta comunicación responda a unha necesidade para o desenvolvemento, cumprimento e control da relación administrativa.

- En concreto vostede autoriza a súa cesión a outras Administracións Públicas para a xestión do Pórtelo Único. Advírteselle que poderá opoñerse en calquera momento a que os seus datos sexan obxecto de algúns dos tratamentos anteriormente mencionados, sen embargo, a negativa a facilitar determinados datos, poderá impedir o correcto desenvolvemento da relación administrativa, negocial ou laboral.

- Finalmente infórmaselle que poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación mediante notificación escrita ó Concello de Campo Lameiro dirixida á seguinte dirección: Praza da Provincia de Pontevedra, 1, 36110, Campo Lameiro, Pontevedra, así mesmo pode solicitar os formularios que este Concello dispón ó efecto.

Segundo o artigo 28 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo, enténdese outorgado o consentimento para a consulta dos datos necesarios para a tramitación do expediente/trámite/procedemento/solicitud.

En caso contrario, no que **NON** outorgue o consentimento para a consulta, marque o seguinte recadro.



Non dou o meu consentimento/opóñome/non concedo/ denego a miña autorización para que se consulten os datos que poidan recadarse de outras administracións e sexan necesarios para a resolución de este expediente/trámite/procedemento/solicitud e aporamento de datos e certificados requiridos pola solicitude ou que me sexan requiridos.

ESTA DECLARACIÓN QUEDARÁ SEN EFECTO NO CASO DE QUE AS ADMINISTRACIÓNS COMPETENTES DECLAREN A PROHIBICIÓN DESTE TIPO DE ACTOS.

Campo Lameiro, a



Asinado: